

Recadación de tributos cedidos. Concellos

NOTAS EXPLICATIVAS

1. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

Autoliquidacións presentadas polos suxeitos pasivos (obrigados a efectuar o pago) dos seguintes tributos cedidos: imposto sobre sucesións e doazóns, imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e taxa fiscal do xogo na modalidade de xogos mediante máquinas ou aparellos mecánicos.

Ámbito xeográfico

Tributos recadados na Comunidade Autónoma de Galicia. O criterio de asignación dos tributos por municipios é o concello de residencia do suxeito pasivo.

Ámbito temporal

O período de referencia dos resultados é anual.

2. Definicións e aspectos metodolóxicos

Nesta publicación recóllese o número e o importe das autoliquidacións presentadas polos suxeitos pasivos na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes aos seguintes tributos cedidos:

- Imposto sobre sucesións e doazóns.
- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- Taxas sobre o xogo na modalidade de xogos mediante máquinas ou aparellos mecánicos.

Non se inclúen, polo tanto, as liquidacións practicadas pola Xunta de Galicia como resultado das labores de comprobación e investigación.

O suxeito pasivo debe presentar o impreso autoliquidativo na oficina liquidadora correspondente segundo o tributo do que se trate:

- Imposto sobre sucesións: o ingreso efectúase a través da oficina liquidadora correspondente á residencia do falecido, independentemente de que os suxeitos pasivos (herdeiros e legatarios) residan no mesmo concello que o falecido, noutro concello ou fóra da comunidade autónoma.

Non obstante, se o suxeito pasivo non reside en España o rendemento do imposto corresponde ao Estado, non a Galicia.

- Imposto sobre doazóns: se a doazón é de bens inmobles e o suxeito pasivo (o donatario) reside en España, o rendemento corresponde a Galicia e o ingreso efectúase a través da oficina liquidadora correspondente á ubicación do inmueble. Se o suxeito pasivo non reside en España o rendemento do imposto corresponde ao Estado. No caso dos bens mobles o rendemento só corresponde a Galicia cando o donatario reside en Galicia e o ingreso efectúase a través da oficina liquidadora correspondente ao municipio de residencia do donatario.
- Transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, excepto vehículos usados: para a transmisión de bens inmobles o ingreso efectúase a través da oficina liquidadora correspondente á ubicación do inmueble e o rendemento corresponde a Galicia, excepto que o suxeito pasivo (adquirinte) resida fora de España, en cuxo caso o rendemento do imposto é do Estado. No caso da transmisións de bens mobles o rendemento só corresponde a Galicia cando o adquirinte reside en Galicia e o ingreso efectúase a través da oficina liquidadora correspondente ao municipio de residencia do adquirinte. Para os actos xurídicos documentados a liquidación debe presentarse na oficina na circunscrición da cal radique o rexistro no que se inscriba o acto ou contrato.
- Impostos sobre transmisións patrimoniais onerosas de vehículos usados: o ingreso efectuarase na oficina liquidadora correspondente ao municipio onde resida o adquirinte.
- Operacións societarias: como norma xeral a oficina competente é aquela na circunscrición da cal radique o enderezo fiscal da sociedade.

Independentemente da oficina liquidadora na que se efectúe o ingreso, o criterio xeográfico que se seguiu para a distribución dos ingresos tributarios foi o concello de residencia do suxeito pasivo. Polo tanto, a suma dos ingresos por concellos non coincide co total recadado na comunidade autónoma. A diferenza estriba en todos aqueles ingresos efectuados nalgunha das 47 oficinas liquidadores existentes na Comunidade Autónoma de Galicia (ou nos servizos centrais) efectuados por suxeitos pasivos residentes fóra de Galicia.

Como excepción ao criterio xeral de distribución dos ingresos tributarios segundo o concello de residencia do suxeito pasivo atópanse as operacións societarias que gravan as transmisións socio-sociedade, por exemplo as ampliacións de capital. Neste caso o suxeito pasivo é a sociedade e o rendemento asignase ao concello onde teña o seu domicilio fiscal.

Imposto sobre sucesións e doazóns: tributo de natureza directa e subxectiva, que grava os incrementos patrimoniais obtidos a título lucrativo por persoas físicas. Teñen a obriga de declarar o imposto aquelas persoas físicas que adquiran bens e dereitos por:

- Herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio.

- Doazón ou calquera outro negocio gratuito.
- Seguros sobre a vida cando o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.

Imposto sobre transmisións patrimoniais: tributo indirecto que grava:

- Imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas.
- Operacións societarias.

Imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas: transmisións patrimoniais onerosas entre vivos de toda clase de bens e dereitos que integran o patrimonio das persoas físicas e xurídicas e que son constitutivos de dereitos reais, préstamos, fianzas, arrendamentos, pensións, e concesións administrativas.

Operacións societarias: constitución, aumento e diminución de capital, fusión, escisión e desaparición de sociedades, achegas de socios para reparar perdas,

Imposto sobre actos xurídicos documentados: tributo indirecto que grava os documentos notariais (escrituras, actas e testemuñas), mercantís (letras de cambio, comprobantes de depósitos, billetes de empréstito, bonos, obrigacións, ...) e administrativos (rehabilitación e transmisión de grandezas e títulos nobiliarios e anotacións preventivas).

Taxas sobre o xogo: tributo que grava a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar, ou de rifas, tómbolas e combinacións aleatorias.

3. Presentación de resultados:

Preséntase na páxina web unha táboa co número e o importe das autoliquidacións presentadas polos suxeitos pasivos dos seguintes tributos cedidos:

- Imposto sobre sucesións e doazóns.
- Imposto sobre transmisións patrimoniais (excepto vehículos usados) e actos xurídicos documentados.
- Imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas de vehículos usados.
- Taxas sobre o xogo na modalidade de xogos mediante máquinas ou aparellos mecánicos.

Como xa se indicou, o criterio xeográfico utilizado é o concello de residencia do suxeito pasivo.